



conciliación

equilibrio

xestión



implicación

evolución

empresa



Plan de fomento da corresponsabilidade nas empresas galegas



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade


guión

- > Que é?
- > Partimos de...
- > Por onde comezamos
- > E queremos chegar a...
- > Con ferramentas
- > Coa túa colaboración



A sociedade actual e o seu escenario económico e social está nun proceso de cambio continuo.

- > Aumento do número de parellas e redución do tamaño familiar
- > Incremento da esperanza de vida
- > Aumento do número de fogares onde traballan os dous membros da parella
- > Incremento do número de familias monoparentais
- > Ausencia de flexibilidade laboral e cultura de xornadas laborais longas
- > Escaso acceso das mulleres á información e rede de contactos masculina
- > Aparición dos denominados teito de cemento e teito de cristal
- > Diferenzas na remuneración entre mulleres e homes



Que é?

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pon en marcha o Plan de fomento da corresponsabilidade nas empresas galegas como vía para conseguir tanto que as persoas compatibilicen a súa vida persoal e familiar coa profesional como que as empresas melloren a súa posición no mercado.

Partimos da...

...necesidade de mellorar o grao de conciliación entre a vida persoal e laboral, que non pode ser considerada tan só como unha cuestión propia das mulleres e resolverse por medio de estratexias individuais, senón como un **problema colectivo**, no que debe implicarse toda a sociedade.



As mulleres e homes

...

- > Cun cambio de actitude no xeito de traballar e de relacionarse co contorno

As empresas...

- > Adaptándose a esta nova realidade social e facilitando o uso de medidas que permitan a conciliación da vida laboral e persoal dos seus traballadores e traballadoras

As Administracións públicas e entidades intermedias...

- > Creando o marco que facilite o desexado equilibrio entre a responsabilidade para coa empresa e a vida persoal e familiar, a través de medidas de apoio que aceleren e consoliden este cambio socio-laboral.

(*) Na fase de lanzamento do Plan están previstas dúas xornadas informativas, para facer a difusión na zona Norte e na zona Sur de Galicia.

Seminarios divulgativos (*) orientados á adopción de valores favorables á corresponsabilidade empresarial e dirixidos a toda sociedade, especialmente ao colectivo empresarial e aos seus xestores/as.

Xornadas de
concienciación



Cunha formación dirixida a achegar as persoas membros das empresas participantes e aos/ás seus/súas representantes sindicais os coñecementos necesarios para o lanzamento, deseño e implantación dos modelos de conciliación na peme galega.

Cursos de
formación



Por onde comezamos

É prioritario **impulsar un cambio de cultura empresarial e laboral** que asimile a importancia da corresponsabilidade traballador/a-empresa e os beneficios que reporta a ambas partes.

Por iso, comezamos por **concienciar a toda a sociedade** das vantaxes dunha xestión corresponsable das empresas **a través de accións de sensibilización e formación.**

Considerando que o noso tecido empresarial está formado na meirande parte por pemes e que estas concentran o maior número de problemáticas de conciliación, o Plan vailles ofrecer axuda para o deseño e aplicación de políticas e instrumentos de corresponsabilidade propios.

E queremos chegar a...

...que o concepto de **CORRESPONSABILIDADE** se integre nos criterios de xestión dos recursos humanos do tecido empresarial galego, cambiando así o modelo tradicional e contribuíndo a mellora dos seus resultados e á satisfacción dos seus traballadores e traballadoras.



V Titorías de corresponsabilidade

Consistentes na posta en marcha dun servizo dirixido a ofrecer asistencia técnica ás pemes para a identificación, planificación e implantación de medidas de corresponsabilidade de xeito individualizado.



Con ferramentas

As accións presentadas complétanse coa elaboración de tres ferramentas que se van poñer á disposición das empresas galegas e da sociedade no seu conxunto, deseñadas co fin de contribuír ao incremento do grao de corresponsabilidade empresarial e á implantación de mecanismos de dirección e xestión corresponsables.

✓ Portal da corresponsabilidade

corresponsabilidade.org vai ser un espazo adicado a informar, divulgar, sensibilizar, formar sobre corresponsabilidade e fomentar a participación no Plan dos distintos axentes implicados (empresas, sindicatos, organizacións, asociacións...).

✓ Guía de boas prácticas

Guía para axudar ás pemeas a converterse nunha “empresa corresponsable”, facilitando pautas e ferramentas para a xestión empresarial baixo criterios de corresponsabilidade.

✓ Termómetro da corresponsabilidade

Ferramenta de autodiagnóstico ou simulador en liña que permitirá ás empresas coñecer o seu posicionamento en canto á corresponsabilidade entre a empresa e os seus traballadores e traballadoras.

O elemento chave para acadar o éxito do Plan é a captación de empresas que sexan quen de dar os primeiros pasos neste eido e que se convertan en axentes tractores do conxunto empresarial galego.

Coa túa colaboración

Dende a **Vicepresidencia** sabemos que coa execución deste Plano escomeza un importante traballo que, esperamos, vaian dando o seu froito paseniñamente, e, para elo, necesitamos a túa implicación nas tarefas de divulgación e implicación do tecido empresarial máis próximo.



> Divulgación do Plan...

- a través das novas da Web
- circular informativa propia
- presentación noutros actos públicos
-

> Captación de empresas...

- animando as pemes máis próximas a participar nas accións do Plan
- informando as empresas dos requirimentos de participación e inscrición
- ...

> Apoio loxístico...

- infraestruturas (salas para os cursos...)
- material audiovisual
-


Xeitos de colaboración

Ligazóns de interese

www.corresponsabilidade.org

www.igualdadegaliza.org

vicepresidencia.xunta.es



PLAN DE FOMENTO DA
CORRESPONSABILIDADE



PLAN DE FOMENTO DA
CORRESPONSABILIDADE

www.corresponsabilidade.org